

Resolución do 28 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593). (código de procedemento ED003A).

Mediante Resolucións do 11 e 31 de agosto de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocáronse sendos procedementos para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas seguintes especialidades, do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) (código de procedemento ED003A):

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
593001	Acordeón
593003	Arpa
593006	Canto
593008	Clarinete
593009	Clave
593010	Composición
593014	Contrabaixo
593023	Dirección de Orquestra
593030	Fagot
593032	Frauta Travesa
593035	Guitarra
593039	Historia da Música
593050	Música de Cámara
593051	Musicoloxía
593052	Óboe
593057	Pedagogía
593058	Percusión
593059	Piano
593061	Improvisación e acompañamento
593063	Repertorio con Piano para Voz
593066	Saxofón
593072	Trombón



CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
593074	Trompa
593075	Trompeta
593076	Tuba
593077	Viola
593078	Violín
593079	Violoncello
593090	Gaita
593092	Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e Barroco
593095	Instrumentos Históricos de Corda Fretada
593098	Repertorio con piano para instrumentos
593100	Tecnoloxía Musical
593102	Viola da Gamba
593115	Produción e Xestión de Música e Artes Escénicas

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e da nota media alegada polas persoas aspirantes nas convocatorias para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas citadas especialidades, de acordo co disposto na base sétima das citadas convocatorias procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal a relación provisional de persoas



admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades.

Segundo.- Declarar, de xeito provisional, deserto o procedemento para as especialidades de clave (593009) e de Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e Barroco (593092) do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) ao non constar presentada ningunha solicitude de participación.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sétima da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas excluídas e o baremo provisional, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "Alegacións", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet da consellería.

Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.

Cuarto.- A estimación ou desestimación das ditas alegacións entenderanse implícitas nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no citado portal, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto na base oitava da citada convocatoria.

Quinto.- Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional de conformidade coa base sétima das citadas convocatorias.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

